

BELA DONA

Acompañado dunhas fermosas ilustracións de Enjamio, *Belidadona* é un libro moi indicado para que os lectores máis novos se aproximen a poesía que é ritmo e música, que expresa o inefable a través da historia dunha meniña que medra e experimenta o mundo tal e como eles mesmos deben facer. Así, a súa autora, Helena Villar Janeiro volve ó ámbito da literatura infantil cunha obra deliciosa onde os máis adultos atoparán a fantasía e a tenrura dun personaxe capaz de agocharnos ata o final o misterio da súa identidade enraizada nun dos mitos máis antigos das nosas letras: ela é á fin a reencarnación da raíña Xenebra como lle descobre a súa corza camiño de Santo Andrés de Teixido.

Tempos Novos, 80, xaneiro 2004, p. 70